



RESOLUCIÓN DO ALCALDE-PRESIDENTE

ASUNTO: Execución da Sentencia do Xulgado Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, dos autos 326/2011. Selección de auxiliar de clínica para o SPAD.

Vista a Sentencia recaída nos autos de referencia, pola que procede ter por incluída a Ana M^a Magariños López como participante no proceso selectivo de referencia e unha vez valorados seus méritos se proceda a colocarlá no posto da lista (bolsa de traballo) que corresponda, no prazo máximo dun mes.

En exercizo das competencias que me recoñece a lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro: Se teña por admitida a Ana M^a Magariños López no proceso selectivo de referencia.

Segundo: Se proceda a realizar unha nova xuntanza do comité de selección nomeado mediante resolución de data 11 de abril de 2011 ao obxecto de proceder a valorar os méritos alegados por Ana M^a Magariños López. E unha vez realizada dita valoración se proceda a modificar a lista da bolsa de traballo coa súa inclusión no posto que corresponda. Dita valoración non afectará aos resultados das valoracións xa realizadas do resto dos candidatos/as.

Terceiro: Segundo o previsto na Base octava nº 10 da convocatoria a nova listaxe resultante formará a correspondente Bolsa de Traballo de dita categoría substituíndo a todos os efectos á anterior a partir da data da súa publicación na web do Concello de Vilagarcía.

Cuarto: Se dea traslado da presente resolución a Ana M^a Magariños López.

Quinto: Se dea publicidade a presente resolución na web e no taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía a todos os efectos oportunos.

Sexto: Se dea traslado da presente resolución ao Xulgado do Contencioso administrativo nº3 de Pontevedra a todos os efectos oportunos.

En Vilagarcía de Arousa a 27 de xaneiro 2012.

O Alcalde-Presidente

Tomás Javier Fole Díaz



A Secretaría Xeral



Rosa Losada Suárez